



PRESENTAN UN ESTUDO EUROPEO SOBRE COMO FACILIAR A TRAMITACIÓN EMPRESARIAL ANTE AS ADMINISTRACIÓNS

- ***O estudo foi realizado por unha institución italiana (Ancitel Sardegna), unha administración rexional checa (o goberno da Rexión de Vysocina na República Checa) e o Centro de Competencias en Comercio Electrónico do CESGA***
- ***O obxectivo deste estudo é axilizar as relacións entre as PEMEs e as distintas administracións***

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2006.- O Director Xeral de I+D+I da Consellería de Innovación e Industria, Salustiano Mato presentou hoxe no Clube Internacional de Prensa o primeiro dunha serie de monográficos que analizan xeitos de adaptarse á Directiva Europea Bolkestein que nos vindeiros anos afectará á lexislación e normativa sobre tramitación empresarial en todos os países membros a todos os niveis da administración. De xeito moi especial, esta directiva pretende axilizar as relacións entre as PEME e as distintas administracións.

A importancia das PEME

Na Unión Europea operan 23 millóns de PEME que xeran 75 millóns de empregos e representan o 99 por cento do tecido empresarial da Unión. Estes datos ilustran o importante peso que teñen na economía da Unión Europea.

Malia a súa relevancia no espazo económico europeo -supoñen nada menos que dous terzos dos empregos do sector privado-, o espírito empresarial non é unha opción preferente á hora de emprender a vida laboral para a maioría dos cidadáns europeos. Neste contexto, xorde a Carta Europea da Pequena Empresa, un documento aprobado polo Consello europeo no cumio celebrado en Santa María da Feira, en Lisboa, no ano 2000. O seu obxectivo é estudar e avaliar os mellores xeitos de crear as condicións necesarias para fomentar e estimular o desenvolvemento das PEMES. A Carta Europea da Pequena Empresa invita os estados membros da UE a emprender unha serie de accións en distintos ámbitos orientados a apoiar e impulsar a pequena e mediana empresa, unha iniciativa que parte da premisa de que só así a UE atopará o camiño para converterse nunha economía do coñecemento máis competitiva e dinámica, capaz dun crecemento económico sostible.

Coa aprobación deste documento, a UE recoñece o destacado papel das PEMES como motor do desenvolvemento económico e da creación de emprego e defende o paralelismo entre o crecemento destas empresas e o da propia Europa.

Pola súa banda, a Directiva Bolkestein atopase aínda en fase de proposta, aínda que se espera que sexa aprobada ao longo do vindeiro ano 2007. A Directiva Bolkestein implica a introdución de puntos de acceso único de forma xeralizada nun prazo de tres anos tras a súa entrada en vigor e que todos os procedementos e trámites relativos ao acceso a unha

actividade empresarial e ao seu exercizo se poidan realizar doadamente, a distancia e por vía electrónica ante a xanela única de que se trate e ante as autoridades competentes.

Para a economía e o emprego galegos, as PEME, teñen aínda maior relevancia dado que en Galiza supoñen a práctica totalidade do tecido empresarial existente. Segundo datos de Dirce, en 2005 as PEME representaban o 99 por cento das 185.557 empresas rexistradas en Galicia.

Ilustrativo do peso das PEME, e máis aínda das microempresas, no emprego e no tecido produtivo galego é o dato de creación de Sociedades Limitadas Nova Empresa en Galiza; de todas as creadas no Estado español, o 22% corresponden a Galiza. A constitución deste tipo de sociedades require trámites moito máis sinxelos e rápidos que a de sociedades tradicionais, e os emprendedores galegos souberon tirar proveito das vantaxes que esta axilidade na tramitación supón. Segundo datos do IGAPE, o 88% deste tipo de entidades crearonse a través de procedemento telemático cun tempo medio para a súa constitución de apenas día e medio.

PROXECTO ICHNOS: INVESTIGACIÓN PREPARATORIA CARA A NOVA REALIDADE

Ante a realidade económico-social existente, ante a vontade presentada na Carta Europea da Pequena Empresa e coa inminente traslación da directiva Bolkestein ás normativas dos países membros; unha institución italiana (Ancitel Sardegna), unha administración rexional checa (o goberno da Rexión de Vysocina na República Checa) e un centro de investigación galego (o Centro de Competencias en Comercio Electrónico do CESGA) propuxeron á Comisión a realización dun estudo co fin de definir un modelo organizacional de Centro de Competencias Rexional e de estudar o aproveitamento das Tecnoloxías da Información e Comunicacions nas xanelas únicas empresariais.

Así foi que no ano 2005 naceu o proxecto ICHNOS. É neste proxecto que se enmarca o primeiro monográfico da serie hoxe presentado. Estes monográficos pretenden recoller información que poida ser de utilidade para aliñar o caso galego coas directrices europeas no futuro, promover o debate entre expertos e difundir boas prácticas europeas na materia.

En Galiza, o proxecto ven analizando vías para a axilización e simplificación da tramitación empresarial, especialmente mediante as TIC. O proxecto presenta unha análise que poida servir de apoio aos especialistas na creación de rexistros administrativos menos custosos e máis rápidos, potenciando a inscrición en liña e unha explotación intensiva das tecnoloxías da información e das comunicacións como sistema para diminuír o custo e a duración do mesmo.

Ramón Basanta, responsable do proxecto no CESGA, anunciou durante a presentación dos monográficos que no mes de Febreiro de 2007 se celebrará en Compostela un congreso internacional para analizar os resultados do estudo.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
DA XUNTA DE GALICIA